

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN, PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE INCORPORACIÓN SOCIAL A PACIENTES CON TRASTORNOS ADICTIVOS. PROGRAMA ITÍNERE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 1 de xullo de 2026 coa Fundación ÉRGUETE-INTEGRACIÓN o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia a contar dende o día seguinte ao da data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *"o desenvolvemento, por parte da Fundación Érguete-Integración, de programas e actividades do PROGRAMA ITINERE, de seguimento e atención das persoas en tratamento unha vez excarceradas, no eido da incorporación social de persoas con trastornos adictivos, sendo a devandita entidade a responsable técnica e administrativa da xestión do devandito programa."*

No marco do dito programa, desenvolveranse un conxunto de actuacións a través das cales a poboación reclusa destinataria poderá adquirir ou completar a súa cualificación e competencias profesionais, coñecer a situación do mercado laboral e as técnicas máis axeitadas para acceder a este, así como recibir, no seu caso, apoio específico para o seu proceso de inserción laboral.

O ámbito territorial de aplicación deste programa estenderase aos internos e internas, que se atopen en proceso de excarceración nas institucións penitenciarias de A Lama (Pontevedra), Pereiro de Aguiar (Ourense), Teixeiro (A Coruña), o Centro de Inserción Social "Carmen Avendaño" (Vigo-Pontevedra), e o Centro de Inserción Social "Carmela Arias y Diaz Rábago" de A Coruña."

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

"dada a especificidade técnica que requiren os devanditos programas de carácter sociosanitario e incorporación social, así como as actuacións que desenvolve a entidade no relativo á programación, coordinación, execución e avaliación das distintas accións e a prioridade de darlle continuidade aos programas que se desenvolven a través da rede de prevención e incorporación social do Plan de Galicia



sobre Drogas obxecto do convenio, non é posible promover concorrência pública, de conformidade co previsto nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Que as partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas en materia sociosanitaria e de incorporación social de persoas con problemas de drogodependencia.”

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

